



Outubro 2005

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Editorial

O SLG pide "valentía" aos xefes de agricultura de Iberoamérica

A Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, ofreceu unha rolda de prensa con motivo da VIII Conferencia de Ministros de Agricultura de Iberoamérica, celebrada en Compostela entre o 26 e o 28 de outubro, para pedirllas "valentía" e facer universal un dereito humano básico como é o da alimentación.

Páx. 6

■ Galiza

O Ministerio deixa a Galiza sen as axudas das xeadas do 2004

Tras unha pregunta da deputada nacionalista no Congreso, Olaia Fernández Dávila, o Goberno daba unha resposta oficial sobre o que ía acontecer coas axudas aos danos da xeadas sufridos no agro no ano 2005: Galiza fica definitivamente discriminada e non recibirá nin un peso.

Páx. 7

■ Muller

Labregas do SLG participarán nos Encontros da Muller de COAG

Unha comitiva de labregas do SLG viaxará a Teruel, entre o 15 e o 16 de outubro, para participar no XIII Encontro Anual de Mulleres da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras do Estado (COAG). As consecuencias da ampliación da UE fará de telón de fondo

Páx. 11



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONES
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: fouceslg@terra.es

www.sindicatolabrego.com

O SLG seguirá reclamando contratos que garantan o prezo e a recollida da uva

■ Na vendima, o Sindicato Labrego apoiou os acordos finais n'O Ribeiro, Rías Baixas e Ribeira Sacra; mentres criticou a falla de compromisos en Valdeorras e Monterrei.

■ O SLG estivo en todas as mesas negociadoras, presionou con mobilizacións para mellorar as condicións do sector, e reclamou máis control ao Delegado do Goberno.

Páxs. 12 e 13



Berro unánime do sector lácteo contra a supertaxa do Ministerio de Agricultura

O 2 de setembro, máis dun milleiro de labregos e labregas protestaban diante da sede da Delegación do Goberno n'A Coruña para pedir solucións á multa imposta polo Ministerio de Agricultura. Polo de agora, dende Madrid só accederon a aprazar o

pago, algo que nin sequera lograron facer respectar, pois as industrias cobraron e impuxeron as súas condicións aproveitando da pasividade de Madrid. Vistas así as cousas, semella que estamos diante dunha nova reconversión encuberta.

Páxs. 2 a 5

Elena Espinosa négase a que haxa un gasóleo agrícola

En declaracións á prensa, a Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, afirmou que o Goberno non contempla novas medidas para paliar no agro a forte suba no prezo dos carburantes. Tanto a COAG, coma o SLG, seguen reclamando un gasóleo agrícola profesional sen o lastre dos impostos que o gravan: un terzo do prezo.

COAG xa iniciou unha campaña de fortes mobilizacións ao respecto por todo o Estado para ver se o Ministerio entra en razón.

Páx. 10

**Manifestación
para reclamar
prezos xustos
para o leite**

19 de outubro

Xardíns de Méndez Núñez, A Coruña

(Máis información na páxina 5 e nas oficinas do SLG)

O SLG esíxelle ao Ministerio o aprazamento do pago da supertaxa

A pasividade do departamento de Espinosa deixa vía libre ás industrias para que cobren a multa

Agosto e setembro foron meses de frenética actividade para o Sindicato Labrego. A supertaxa aplicada polo Ministerio de Agricultura poñía en serio perigo a viabilidade de miles de explotacións e ameazaba cunha nova recon-

versión do sector lácteo na Galiza. Así, o SLG foi o primeiro en convocar mobilizacións, e está agora fiscalizando as cativas concesións do Ministerio: un aprazamento do pago que as industrias están incumprindo flagrantemente.

A finais de agosto, a Dirección do Sector Lácteo do SLG decidía convocar mobilizacións para esixirlle á Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, que se sentase a negociar solucións para a supertaxa e evitase o peche de explotación. Ao mesmo tempo, o Sindicato Labrego facía un chamamento ás outras organizacións agrarias para que se sumasen ás medidas de forza anunciadas.

Así, o 8 de setembro tiña lugar unha manifestación conxunta do Sindicato Labrego, coas outras dúas sindicatos do agro en Galiza, fronte á Delegación do Goberno n'A Coruña. Alí, un milleiro de labregos e labregas acadaron coa súa presión que o Ministerio de Agricultura aceptase a demanda de sentarse a negociar.

Finalmente, o Ministerio cedeu e convocou un encontro con representantes da Consellaría de Medio Rural e as organizacións agrarias



Máis dun milleiro de labregos e labregas reclamáronlle ao Goberno solucións para a multa

galegas. A reunión tivo lugar na Delegación do Goberno d'A Coruña o pasado 8 de setembro, e a el asistiu por parte do MAPA o Secretario de Agricultura e Ali-

mentación, Fernando Moraleda.

Nesta xuntanza negociadora, Moraleda anunciou a intención do Ministerio de aprazar o pago da multa, a

tentativa de que non peche ningunha explotación láctea afectada, e a creación dunha comisión de seguimento na que están as tres organizacións agrarias galegas.

A debilidade de Elena Espinosa fronte ás industrias

A pesares das boas palabras e intencións, as industrias fixeron caso omiso das promesas do Ministerio de aprazar o pago, e comezaron a cobrar a supertaxa. Así o denunciou o Sindicato Labrego o 17 de setembro, cando faltaban só setenta e dúas horas para que finalizase o período voluntario de pagamento da multa.

En efecto, a inmensa maioría das empresas que recollen leite na Galiza non se acolleron ao aprazamento e impuxéronlle impoñéndolle aos labregos e labregas as súas propias condicións de pagamento. Condicións difíciles de asumir para as economías de moitas explotacións, dándose situacións de familias que en setembro non percibiron nin un só céntimo polo leite vendido e, mesmo algunha que xa sufriu o segundo mes sen obter remuneracións económicas polo seu traballo. Tamén

houbo explotacións que foron ameazadas con ultimátums de que, se non pagaban inmediatamente, terían que facelo despois con fortes recargas. Noutros casos, moitas familias atópanse cun fraccionamento da multa nos prazos que lle convén á empresa e sen posibilidades de realizado en tres ou catro anos como prometeu Fernando Moraleda.

Esta situación foi denunciada polo SLG en varias ocasións diante da Comisión de Seguimento que se constituíu na reunión do día 8 de setembro, sen que houbese ningunha rectificación por parte das empresas.

Ante esta situación, o Sindicato Labrego Galego esixiu á Ministra de Agricultura e ao Secretario de Estado para a Agricultura actuacións urxentes e contundentes para que todas as empresas se acollan ao aprazamento,



O 2 de setembro, ata os nenos pediron xustiza para o sector lácteo galego

para que paralicen o cobro da supertaxa e, ao mesmo tempo solicita a convocatoria da mesa de negociación para acordar criterios de aplicación do aprazamento que garantan a igualdade de trato para todos os labregos e para todas as labregas afectados e afectadas pola supertaxa.

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf. 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tlfno. 629 621 047

Un berro unánime: prezos xustos, dereito a producir e a fin dunha multa inxusta

As persoas afectadas pola supertaxa comentan para Fouce a difícil situación pola que atravesan

Aproveitando a manifestación diante da Delegación do Goberno n'A Coruña, Fouce puido falar con varios gandeiros afectados pola multa. Das conversas mantidas tíranse arelas e denuncias semellantes: demandan o dereito a poder producir o necesario para poder vivir, un prezo xusto para o leite que non lles obrigue a superar a cota que teñen asignada e que cubra uns custes de produción en constante aumento; denuncian que o aprazamento da supertaxa de pouco serve se non hai outras medidas máis comprometidas e efectivas que o acompañen.



Rafael Díaz, Rois (A Coruña)

36.000 euros de supertaxa

“Tal e como están as cousas, vereime na obriga de ter que pechar a explotación”

A explotación de Rafael Díaz, con corenta vacas a muxir, enfróntase a serios problemas económicos. O Ministerio de Agricultura vén de castigalo cunha supertaxa de 36.000 euros (seis millóns de pesetas), ao que terá que engadir outro millón de pesetas a maiores ao ter adquirido cota a través do Plan de Reestruturación do Sector Lácteo. A grave situación pola que atravesa resúmea axiña: “Tal como están as cousas, estou obrigado a pechar”.

Rafael tivo que producir de máis para poder sacar á súa explotación e á súa familia adiante, xa que “se baixo a produción para non pasarme de cota, o que

gaño en bruto cada ano non me chega nin para pagar a multa”. Madia leva, pois hoxe “pagan o litro entre 45 e 47 pesetas, cando hai vinte anos se pagaba a 60. O litro de auga xa custa máis có de leite”.

Para Rafael Díaz, faise necesario “que dean máis cota para que as explotacións do Estado abastezan o consumo interno español. Non hai dereito que nos impidan traballar e, despois, veña o leite de Europa”. Tamén dubida da efectividade do aprazamento ofertado polo Ministerio, pois “¿de que nos serve que nola apracen agora, se para o ano que vén imos estar na mesma?”

Hermes Villarino, Barreiros (Lugo)

4.300 euros de supertaxa


“Aprazar o pago non é solución. Se debes desembolsar os cartos, de pouco serve”

Con 35 vacas en produción, Hermes Villarino terá que facerlle fronte a 4.300 euros de supertaxa por mor de pasarse en 37.000 litros da súa cota asignada. O problema non o sofre en solitario: “Na miña zona case todas as explotacións están multadas. A todas lles afectará máis ou menos dependendo da súa economía, pero sei dalgunha á que lle vai afectar moito”.

Hermes tamén é dos que opina que o aprazamento do pago de pouco vai servir, xa que “non é solución. Se tes que desembolsar os cartos, de pouco serve que che apracen o pago”. Fronte a isto, ten

clara cal é a vía para que deixen de sufrir este problema: “Que eliminen dunha vez a supertaxa e que nos deixen producir. Por orgullo non traballa ningún. Imponer estas condicións é o mesmo que rematar con moitas explotacións”.

Villarino coincide cos seus colegas de profesión en que o fin do exceso de produción ao que se vén obrigadas moitas explotacións para por que “nos garantan uns prezos dignos” para poder ter uns ingresos decentes coa cota que cadaquen teña asignada por riba dos custes de produción, que cada vez medran máis fronte a un valor do leite minguanete.



Xosé Manuel Paz, A Estrada (Pontevedra)

3.000 euros de supertaxa

“Cada familia non debería ter menos de 200.000 quilos de cota láctea”

A explotación de Xosé Manuel Paz é das consideradas grandes: un cento de cabezas de gando e unha cota de 400.000 litros. Así e todo, superou os dereitos de produción que tiña en 47.000 litros, e deberá abonar 3.000 euros de supertaxa.

Dirixíndose ao Ministerio de Agricultura, Xosé Manuel pide “que aclare, dunha vez por todas, o tema da supertaxa: qué hai escondido detrás da supertaxa; por que o ano pasado, habendo goberno do PP, non houbo supertaxa; por que hai este ano sobreprodución e non a houbo en anos anteriores? ¿É unha manobra política? ¿Están metidas as indus-

trias tamén no tema?”. El mesmo nos adiantou as súas sospeitas: “Eu penso que algo de culpa teñen as dúas partes. Son decisións políticas”.

Xosé Manuel pensa que “a solución ao problema da supertaxa sería o acceso á cota que necesite cada explotación. Cada familia non debería ter menos de 200.000 quilos de cota”. Ademais, Paz tamén ve necesario, como medida complementaria á anterior, “un prezo mínimo que salvagarde os nosos intereses. Temos uns custes moi altos por cada litro de leite que producimos, e vémonos moi presionados á hora de facer os nosos pagos”.

90 millóns de euros máis de débeda para as explotacións lácteas galegas

A suma da supertaxa e do endebedamento para adquirir cota elévase a 15.000 millóns das antigas pesetas

Os datos revelados polo Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, meten medo: nos últimos meses as explotacións lácteas galegas adquiriron unha débeda conxunta que se eleva a

90 millóns de euros (15.000 millóns das antigas pesetas). A cifra vén de sumar os cartos da supertaxa (8'5 millóns de euros), da cota adquirida no Plan de Reestruturación do Sector

Lácteo (41'2 millóns de euros), e do mercado libre de dereitos que se abriu entre o 1 e o 8 de abril (40 millóns de euros). E iso sen contar as hipotecas que o sector xa arrastra de vello.

Miles de explotacións lácteas galegas atópanse nunha situación crítica ao confluír na situación financeira unha serie de factores que fan perigar a súa viabilidade económica. Así o expuxo diante do Parlamento Galego o Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal:

■ 3.750 explotacións enfróntanse ao pago dunha multa global de 8'5 millóns de euros (1.414 millóns de pesetas) por mor da supertaxa.

■ 7.868 gandeiros e gandeiras da Galiza foron seleccionados para o reparto 235.000 toneladas de cota do Fondo Español de Garantía Agraria, e dentro do Plan de Reestruturación do Sector Lácteo (PRSL). Terán que abonar 41'2 millóns de euros (case 7.000 millóns de pesetas).

■ No mercado privado de cota que se permitiu entre o 1 e o 8 de abril, 1.500 gandeiros e gandeiras galegas adquiriron 67.000 toneladas de cota por un



O 2 de setembro, Senra advertiu do nefastas que poden ser para o leite as negociacións da OMC

total de 40 millóns de euros (6.655 millóns de pesetas).

O resultado de todo isto é un sector fortemente endebedado que, agora mesmo, e sen contar con outras hipotecas pola adquisición de gando, instalacións ou maquinaria, ten que en-

frontarse ao pago de case 90 millóns de euros (máis de 15.000 millóns de pesetas).

Nin que dicir ten que a situación é crítica, sobre todo se pensamos que o sector segue padecendo as mesmas eivas de sempre: un prezo de miseria para o produto do

seu traballo, ou a escalada constante dos custes de produción (pensos, gasóleo, etcétera); factores que botan como balance unhas rendas paupérrimas que, dificilmente, poden facerlle fronte ao forte endebedamento sufrido nos últimos meses.

“O Ministerio usa a supertaxa para facer un peche encuberto de explotacións”

Na manifestación do 2 de setembro, Lidia Senra denunciou que a supertaxa era unha decisión política do Ministerio de Agricultura, pois “a produción de leite non varía tanto dun ano para outro”. A Secretaria Xeral afirmou que “dende o Ministerio, tanto co PP como co PSOE, utilizan a supertaxa para facer un peche encuberto de explotacións”.

Senra criticou a contradición entre facer un Plan de Reestruturación do Sector para dar cota quen máis a necesitaba, e despois impoñerlle a supertaxa “ao 90% das explotacións que o Ministerio pretendía protexer”. A Ministra tamén foi obxecto de críticas, pois “sendo galega, aínda non deu a cara”.

Lidia Senra chamou a atención sobre a caída de prezos, e advertiu que, de seguir a dinámica, “quen hoxe pensa que ten cota suficiente, vaise atopar ao borde da quebra de novo pola baixa rendibilidade”. Respecto deste tema, Senra chamou a atención sobre as negociacións da Organización Mundial do Comercio (OMC), que buscan “establecer prezos moito máis baixos para os noso produtos, tamén para o leite”.

Finalmente, a Secretaria Xeral do SLG volveu demandar reivindicacións como a creación dunha mesa do leite, ou de contratos homologados que aseguren que toda a compravenda de leite vai ser feita mediante contratación, garantindo un prezo mínimo digno”.

Táboa reivindicativa de mínimos do 25 de agosto para o sector lácteo galego

O pasado 25 de agosto, o Sindicato Labrego fixo pública unha táboa reivindicativa de mínimos para o sector lácteo galego diante da crise pola supertaxa e os baixos prezos que están poñendo ao límite a renda das explotacións. As outras organizacións agrarias tamén apoiaron as seguintes reivindicacións:

1.- Que o Ministerio de Agricultura estudie formulas para que ningunha explotación galega teña que pechar por mor da supertaxa. Suspensión inmediata do cobro e revisión caso a caso da repercusión da supertaxa.

2.- Que o Ministerio de Agricultura estudie as formulas para que as explotacións declaradas como prioritarias no Plan de Reestruturación non teñan que renunciar ao mesmo

como consecuencia da supertaxa.

3.- Derrogación do Real Decreto de xestión da taxa láctea e elaboración dunha nova norma acordada con todo o sector que non criminalice o campo.

4.- Transparencia na información sobre as entregas.

5.- Aquelas explotacións que non son consideradas prioritarias, e ás que as débedas e os baixos prezos ameacen a súa supervivencia as administracións públicas, cada unha no marco das súas competencias, debe renegociar os prazos para a devolución dos préstamos.

6.- Posta en marcha urxente por parte das administracións, cada unha en función das súas competencias, dos mecanismos necesarios para o establecemento dun prezo para o

leite que cubra os custes de produción e remunere o traballo.

7.- Actuación urxente para poñer terra a disposición das explotacións que a necesitan e un Plan para a produción de proteína vexetal na Galiza, co fin de abaratar os custes de produción.

8.- Posición clara e contundente da Consellaría e do Ministerio ante as negociacións internacionais en curso para que a Organización Mundial do Comercio (OMC) saia da agricultura e da alimentación.

Unha cuestión clave para poder recuperar e manter os mercados locais e de proximidade para os nosos produtos, para poder ter prezos adecuados e para poder protexernos nas fronteiras das importacións a baixos prezos.



Outubro 2005

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Editorial

O SLG pide "valentía" aos xefes de agricultura de Iberoamérica

A Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, ofreceu unha rolda de prensa con motivo da VIII Conferencia de Ministros de Agricultura de Iberoamérica, celebrada en Compostela entre o 26 e o 28 de outubro, para pedirllles "valentía" e facer universal un dereito humano básico como é o da alimentación.

Páx. 6

■ Galiza

O Ministerio deixa a Galiza sen as axudas das xeadas do 2004

Tras unha pregunta da deputada nacionalista no Congreso, Olaia Fernández Dávila, o Goberno daba unha resposta oficial sobre o que ía acontecer coas axudas aos danos da xeadas sufridos no agro no ano 2005: Galiza fica definitivamente discriminada e non recibirá nin un peso.

Páx. 7

■ Muller

Labregas do SLG participarán nos Encontros da Muller de COAG

Unha comitiva de labregas do SLG viaxará a Teruel, entre o 15 e o 16 de outubro, para participar no XIII Encontro Anual de Mulleres da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras do Estado (COAG). As consecuencias da ampliación da UE fará de telón de fondo

Páx. 11



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONES
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: fouceslg@terra.es

www.sindicatolabrego.com

O SLG seguirá reclamando contratos que garantan o prezo e a recollida da uva

■ Na vendima, o Sindicato Labrego apoiou os acordos finais n'O Ribeiro, Rías Baixas e Ribeira Sacra; mentres criticou a falla de compromisos en Valdeorras e Monterrei.

■ O SLG estivo en todas as mesas negociadoras, presionou con mobilizacións para mellorar as condicións do sector, e reclamou máis control ao Delegado do Goberno.

Páxs. 12 e 13



Berro unánime do sector lácteo contra a supertaxa do Ministerio de Agricultura

O 2 de setembro, máis dun milleiro de labregos e labregas protestaban diante da sede da Delegación do Goberno n'A Coruña para pedir solucións á multa imposta polo Ministerio de Agricultura. Polo de agora, dende Madrid só accederon a aprazar o

pago, algo que nin sequera lograron facer respectar, pois as industrias cobraron e impuxeron as súas condicións aproveitando da pasividade de Madrid. Vistas así as cousas, semella que estamos diante dunha nova reconversión encuberta.

Páxs. 2 a 5

Elena Espinosa négase a que haxa un gasóleo agrícola

En declaracións á prensa, a Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, afirmou que o Goberno non contempla novas medidas para paliar no agro a forte suba no prezo dos carburantes. Tanto a COAG, coma o SLG, seguen reclamando un gasóleo agrícola profesional sen o lastre dos impostos que o gravan: un terzo do prezo.

COAG xa iniciou unha campaña de fortes mobilizacións ao respecto por todo o Estado para ver se o Ministerio entra en razón.

Páx. 10

**Manifestación
para reclamar
prezos xustos
para o leite**

19 de outubro

Xardíns de Méndez Núñez, A Coruña

(Máis información na páxina 5 e nas oficinas do SLG)

Editorial

O SLG reclama valentía na VIII Conferencia Iberoamericana de ministros de agricultura

Con motivo da VIII Conferencia Iberoamericana de Ministros de Agricultura, que se celebrou entre os días 25 e 28 de setembro, o Sindicato Labrego Galego fixo un chamamento

aos responsábeis das políticas agrícolas dos 16 países invitados para que asumisen con valentía a defensa dos labregos e das labregas, fronte ás intencións de liberalizar os mercados

agrarios da OMC en beneficio das multinacionais. Para iso, só farían falla dous compromisos: a soberanía alimentaria, e defender a alimentación coma un dereito humano básico.

Ante a VIII Conferencia Iberoamericana de Ministros de Agricultura, que se celebrou en Santiago de Compostela, o Sindicato Labrego Galego aproveitou a ocasión para facerlle chegar aos participantes deste evento a súa posición con respecto ao comercio internacional de produtos agrarios e á seguridade alimentaria.

Esta Conferencia coincidiu nun momento no que a Organización Mundial do Comercio (OMC) se acha inmersa nun proceso de negociación intenso coa fin de chegar a acordos no proceso de liberalización dos mercados agrícolas. Dos resultados destas negociacións vai depender o futuro de moitos labregos e labregas de Galiza e do planeta, a solución para acabar coa fame no mundo, e tamén a seguridade alimentaria.

Por esta razón, o Sindicato Labrego Galego propuxo aos Ministros e Ministras reunidos nesta VIII Conferencia que o debate sobre a seguridade e calidade alimentaria no quedase só no papel, como se acostuma a facer na Unión Europea, que aborden o fondo da cuestión da alimentación, senón que fosen máis alá e fixesen propostas valentes diante da OMC dirixidas a garantir que todas as persoas do planeta teñan o dereito a alimentarse, e aos pobos do mundo o seu dereito a exercer a Soberanía Alimentaria.

Con estas intencións por diante, o Sindicato Labrego Galego aproveitou a Conferencia Iberoamericana de Ministros de Agricultura para poñer enriba da mesa propostas que permitan avanzar neste camiño. Propostas que non deberían ser descoñecidas para a maioría destes políticos, xa que se debateron e



Nunha rolda de prensa, e aproveitando a súa asistencia á Conferencia de Ministros de Agricultura, Lidia Senra pediu políticas comprometidas cos dereitos labregos

analizaron no movemento labrego internacional Vía Campesina ao que, do mesmo xeito que o SLG, pertencen moitas organizacións agrarias dos países e estados que estiveron presentes en Compostela:

1.- Que en lugar de ir ás reunións da Organización Mundial do Comercio buscar as migallas que lle deixen os ricos (Estados Unidos e Unión Europea) para os seus agronegocios, saquen a agricultura e a alimentación fóra da Organización Mundial do Comercio.

2.- Que fronte ás propostas da Organización Mundial do Comercio de liberalización dos mercados agrícolas, aposten pola Soberanía alimentaria dos seus pobos e polos dereitos dos labregos e das labregas de cada país a producir para alimentárense eles, e para alimentar ao seu pobo.

Neste sentido deberían tomar as seguintes medidas:

2.a.- Poñer fin aos acordos da Organización Mundial do Comercio que obrigan a importar de terceiros países un 5% do consumo interno de produtos agrarios.

2.b.- Priorizar as políticas agrícolas para o mercado interno.

2.c.- Establecer mecanismos de control da produción, prezos que cubran os custos e o traballo para os labregos e labregas, e gardar o dereito a protexerse nas aduanas das importacións.

3.- Para garantir a seguridade alimentaria máis alá dos papeis, cómpren tamén actuacións decididas por parte dos gobernos que poñan fin á dependencia da agricultura e da alimentación das grandes empresas transnacionais, e tamén ás pretensións da OMC de facer-

nos aínda máis dependentes do que xa somos. Cómpre un apoio decido aos modos de produción labregos tradicionais. Para isto propomos:

3.a.- Apoio e establecemento de modos de produción agrícola e gandeira sustentábeis.

3.b.- Prohibición os organismos manipulados xeneticamente na agricultura e alimentación.

3.c.- Articular as medidas necesarias ao alcance dos gobernos para poñer fin a privatización da vida que pretenden as grandes transnacionais a través das patentes sobre os seres vivos.

3.d.- Poñer fin á carreira de privatización das sementes por diversas vías (derrogando as leis que prohiben o intercambio de sementes entre labregos e labregas, ou a lexislación de patentes no caso de sementes transxénicas)

3.e.- Poñer fin á privatización das augas

4.- Poñer fin á expansión das grandes cadeas de distribución, apostando polo pequeno comercio e polos mercados locais e de proximidade.

O Ministerio exclúe definitivamente a Galiza das axudas polas xeadas

Agricultura deu unha resposta oficial a raíz dunha pregunta formulada no Congreso polo BNG

O Ministerio de Agricultura confirmou, durante o mes de setembro, que Galiza non ía recibir nin un peso para compensar as graves perdas sufridas por mor das xeadas do inverno pasado. A resposta deuse a raíz dunha

pregunta formulada pola deputada do BNG no Congreso, Olaia Fernández Davila. Polo tanto, e xa de xeito oficial, sábese que o Ministerio de Agricultura volveu marxinar de novo aos labregos e labregas de Galiza.

Segundo o Ministerio de Agricultura, en Galiza non se acadaron os niveis de estragos necesarios sobre os cultivos -20% en zonas desfavorecidas e 30% no resto- para recibir compensacións. Olaia Fernández responsabiliza desta exclusión á anterior Xunta e ao Goberno de Madrid pois, segundo ela, a Consellaría de Política Agroalimentaria "non reaccionou a tempo á hora de acreditar os danos que tiveron que aturar os labregos e labregas de Galiza, xa que non se presentaron informes, e a Administración central tampouco se preocupou de pedirlos á Xunta".

A deputada do BNG tamén pediu que Galiza fose incluída no reparto das axudas creadas para mitigar o efecto dos estragos ocasionados polas fortes xeadas deste inverno de 2005, que volveron provocar cuantiosas perdas nas explotacións hortícolas galegas.



A deputada nacionalista Olaia Fernández preguntou ao Congreso polas axudas ás xeadas

A incompetencia da anterior Xunta non pode ser escusa para marxinar a Galiza

Finalmente, semella que as intencións do Ministerio de Agricultura son as de deixar a Galiza sen un peso polos danos das secas e das xeadas.

Se ben é certo, que a anterior Consellaría de Política Agroalimentaria non solicitou esas axudas, dende o Sindicato Labrego

tense criticado que esa manifesta incompetencia non pode ser escusa para negarlle unhas axudas a Galiza que lle corresponden por dereito, xa que se teñen cuantificado abondosos danos, sobre todo neste 2005, en pastos e forraxes, horta de inverno, e cultivo de planta para primavera.

O SLG acada que a Consellaría de Medio Rural adiante os pagos polo gasóleo

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, mantivo un encontro co Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, Antonio Oca, para preguntarlle sobre o pago das axudas para paliar a suba do gasóleo en Galiza.

A raíz desta xuntanza, a Consellaría de Medio Rural deu orde ás entidades bancarias para que comezasen a realizar os ingresos das subvencións nas contas das persoas beneficiadas.

Antonio Oca tamén lle facilitou ao Sindicato Labrego



Cada vez é máis caro levar o tractor á gasolinera, e as axudas seguen sendo insuficientes

as cifras correspondentes a Galiza respecto desta liña de axudas.


Así, na nosa Comunidade tramitáronse 18.592 expedientes, que corresponden a un consumo de 55.799.964

litros de gasóleo, cun gasto de 28.375.346 euros. O montante global das axudas para Galiza ascendeu a 3.347.998 euros.

Aínda que o Sindicato Labrego Galego considera

positivas estas axudas do Ministerio de Agricultura, non as ve como unha solución ao problema da alza no prezo dos carburantes, que deixou de ser conxuntural para facerse estrutural.

O libro "Mulleres decisivas" recolle un texto e a reseña biográfica de Lidia Senra



O libro foi editado pola Fundación Galiza Sempre e a Deputación d'A Coruña

A Fundación Galiza Sempre, en colaboración coa Deputación d'A Coruña, vén de sacar á luz o libro "Pensares galegos. Mulleres decisivas", no que se recolle unha serie de textos sobre diversos temas de actualidade escritos por destacadas intelectuais e activistas sociais do noso país.

Entre as mulleres que participan na obra atópase a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, da que se incluíu o documento "Alternativas feministas para un desenvolvemento sostíbel. Como podemos contribuír as mulleres a través da alimentación".

En pouco máis de cinco páxinas, Senra destaca o importante rol da muller nun aspecto tan básico da vida humana como é a alimentación, un dereito humano básico e unha actividade que é producida nun 50% por labregas a escala planetaria. Lidia Senra contrapón neste artigo un modelo agrario labrego baseado na soberanía e seguridade alimentarias, na igualdade entre homes e mulleres, e nas redes de comercialización; fronte ao modelo intensivo que están impondo as grandes empresas cos nefastos efectos que está a ter sobre o medio ambiente e a saúde das persoas.

Xunto a Lidia Senra, participan no libro mulleres como Encarna Otero, María Xosé Queizán, Carme e Pilar García Negro, Nanina Santos, María Xosé Agra, Carme Adán, Margarida Ledo, Aurora Marco ou Elvira Souto, entre outras.

Consellos prácticos na aplicación de fitosanitarios

GUÍA BÁSICA PARA UTILIZAR PRODUCTOS QUÍMICOS NO AGRO **Gabinete de Formación do SLG**

Os fitosanitarios son produtos químicos bioloxicamente activos. Si se empregan incorrectamente, poden resultar prexudiciais para os animais e para o medio ambiente. Para evitar estas consecuencias negativas, é necesario tomar unha serie de

precaucións básicas e seguir un conxunto de sinxelos consellos. Nesta reportaxe, tentaremos achegar estes coñecementos. Non embargante, hai unha regra por riba das demais: SEGUIR ESTRITAMENTE AS INSTRUCIÓNS DA ETIQUETA

■ Seguir estritamente as instrucións contidas na etiqueta

Para usar estes produtos fitosanitarios con seguridade e con eficacia, deben manexarse e empregarse de acordo cas recomendacións do fabricante, seguindo estritamente as precaucións a tomar durante a súa manipulación e aplicación, as dose recomendadas polo fabricante, como tamén a correcta aplicación do produto (equipo pulverizador, regulación e calibración).

Non hai ningún produto químico libre de riscos, pero si hai métodos seguros para usalos. Polo tanto: antes de empregalos, debemos leer sempre coidadosamente toda a etiqueta, manexar, almacenar e aplicar os produtos fitosanitarios únicamente como este recomendado na etiqueta.

Ningunha persoa pode realizar traballos de tratamentos con fitosanitarios tóxicos ou moi tóxicos se non dispón

da mínima formación necesaria (e legalmente obrigatoria) como e o carné de manipulador de praguicidas ou se non ten a suficiente información sobre este tipo de traballos. A formación e a información son responsabilidade do empresario (cando o "empresario agrario" ten traballadores por conta allea). ou do propio traballador/a agrario/a, cando exerce a actividade como dono/a da súa explotación.

■ As distintas fases do traballo con fitosanitarios

1. Almacenaxe

■ Almacene os produtos químicos selados no seu envase orixinal; nunha bodega fresca, seca, segura, ben ventilada, nun área restrinxida para este tipo de produtos, separados de alimentos para o gando, sementes e outros vexetais.

■ Compre asimesmo tomar as medidas necesarias para evitar que os produtos esteñan ao alcance dos nenos. (almacenando en estanterías máis altas, encerrando baixo chave os combustíbeis e demais sustancias inflamables, etcétera)

■ É imprescindible almacenar os produtos

fitosanitarios, agrupando os que teñen riscos comúns (p.e tóxico con tóxico, corrosivo con corrosivo) e evitar a proximidade entre aqueles que presentan incompatibilidades entre si.

■ Manteña os produtos retirados do calor e do lume. Os produtos inflamables, facilmente inflamables ou altamente inflamables deben estar almacenados en armarios protexidos (ou similares) ou en todo caso en algun lugar específico que garantice a súa seguridade.



■ Almacene os produtos nun lugar seguro e ben ventilado, fóra do alcance dos nenos e persoas non responsables.

2. Transporte

■ Verifique que os envases e etiquetas estean en bo estado.

■ Non transportar os fitosanitarios xunto con produtos comestíbeis destinados á alimentación.

■ En caso de accidente, manteña alon-

xada á xente que acuda a curiosar ao lugar do sinistro, prohibindo fumar ou empregar calquera chama desnuda preto da zona.

3. Antes da aplicación

■ Adquirir os produtos nos seus envases orixinais, en establecementos autorizados e solicitar a ficha de seguridade do produto ó proveedor.

■ Lea atentamente a etiqueta do produto e a ficha de seguridade e está dispoñible, cumprindo rigorosamente as recomendacións tanto de seguridade como técnicas especificadas nelas.

■ Adoptar as precaucións dende as operacións previas, ó medir a cantidade de

produto, vertelo, mesturalo ou cargalo. Efectuar estas operacións ó aire libre ou nun local ben ventilado. O aplicador debe colocarse e axustarse os Equipos de protección individual (EPI's) sempre antes de realizar tarefas de preparación da mezcla e enchido do depósito, non caendo nunca na subestimación do perigo desta operación

■ Verificar que se utiliza o equipo adecuado que se especifica na ficha de seguridade do produto (traxe, luvas, gafas ou viseira, mascariña, etc.) e comprobar as especificacións dos Equipos de Protección

Individual (EPI) seleccionados.

■ Asimesmo o aplicador debe sempre proceder de forma previa a aplicación, a comprobación dos filtros de enchido, das conexións e das válvulas das boquillas.

■ Debe revisar tamén sempre aparte o correaxe do pulverizador de aplicación.

■ O aplicador debe igualmente facer primeiro un ensaio do calibrado do pulverizador manual con auga e realizando un correcto axuste do mesmo, evitando sempre iniciar a aplicación inmediata co produto fitosanitario.

4. Durante a aplicación

- Retire do cultivo a persoas ou animais domésticos. Non permita que se acheguen mentres se está aplicando o produto fitosanitarios.
- Utilizar maquinaria de pulverización ou espolvoreo axeitada e en bo estado.
- Non beber, comer ou fumar no mesmo lugar ou nos arredores onde se realicen traballos de fumigación.
- Levar a bebida, comida ou tabaco en recipientes herméticos para evitar a súa contaminación.
- Non traballar nunca en contra do vento.
- Mesmo durante o tratamento debe observarse de vez en cando a evolución do estado dos equipos de traballo, non sendo suficiente a realización desta tarefa unicamente de forma previa ao inicio do traballo
- Baixo ningún concepto se debe cometer o frecuente erro de sopralle a unha boquilla atascada. Para tal fin utilizaráse sempre un alambique ou un fio de cobre.
- Os descansos sempre se deben realizar nunha zona o suficientemente lonxana da zona que esta sendo obxecto de tratamento, de modo que non exista ningún risco de contaminación para os aplicadores.



5. Despois da aplicación

- Se a etiqueta establece prazos de espera, cómpre sinalizar a zona tratada de maneira axeitada por medio de carteis indicativos que estean ben visibles. No cartel faráse constar a frase: "TRATADO CON PRAGUICIDAS", xunto coa data do tratamento, o nome comercial do praguicida, e o período de permanencia do perigo na zona.
- Debe asimesmo conservarse o produto sobrannte no seu envase orixinal e hermeticamente pechado.
- Respectar o tempo mínimo de prohibición absoluta de acceso ó campo tratado

segundo as recomendacións indicadas na etiqueta do produto.

- O aplicador, unha vez finalizado o tratamento, debe limpar minuciosamente os equipos e comprobar o seu estado xeral.
- A roupa utilizada na aplicación dos produtos fitosanitarios debe lavarse en profundidade e sempre apartada do resto da roupa, dado o risco evidente de "contaminación" desa roupa si se mezcla coa utilizada na aplicación.
- Debe procederse (sobre todo nos casos de persoas que realizan tratamentos con moita frecuencia) a levar a cabo medidas de vixilancia da saúde, tales como análises e chequeos médicos periódicos.

5. Despois da aplicación

- Selar e almacenar os envases parcialmente utilizados.
 - Realice triple lavado dos envases baleiros, posteriormente destrúaos para evitar que sexan usados novamente.
 - Compre informarse sempre si as Administración públicas con competencias na materia teñen en funcionamento algún sistema de recollida e xestión destes envases (Por si solas ou en colaboración con certas entidades privadas.)
- (Nalgunhas Comunidades existen un incinerador ou vertedoiro autorizado pero de momento non e este o caso en Galiza., EN TODO CASO NUNCA DEBEN SER ENTERRADOS.



Elena Espinosa négase a que haxa un gasóleo profesional agrícola

Máis da terceira parte do prezo do carburante corresponde a impostos que Madrid insiste en cobrar

A Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), coa que colabora o Sindicato Labrego Galego, anunciou mobilizacións para outubro ante a negativa do Ministerio de Agricultura de crear un gasóleo

agrícola profesional. Así, xa están preparadas manifestacións en Aragón, Euzkadi, Canarias e Murcia, e unha grande concentración final antes de que remate o ano para facer entrar en razón ao Goberno.

Actualmente, o gasóleo agrícola págase a un prezo medio de 66 céntimos por litro (110 pesetas), fronte aos 46 céntimos (76 pesetas) a que se pagaba o ano pasado, un valor xa de por si caro de máis. Dende 1999, o gasóleo agrícola aumentou o seu prezo nun 90%; dende xaneiro de 2005, o gasóleo encareceuse un 52%.

Fronte a isto, os prezos que producen os produtores seguen estancados e os custes de produción incrementáronse nun 8% no último exercicio. Os resultados de todo isto saltan á vista: no 2004 houbo 25.000 traballadores e traballadoras do agro que se deron de baixa na actividade profesional.

Tanto a COAG como o Sindicato Labrego Galego seguen esixindo ao Ministerio de Agricultura a creación dun gasóleo agrícola profesional ao que non



Militantes do SLG reclamando ante o Ministerio de Agricultura un gasóleo agrícola profesional

se lle aplique o imposto de hidrocarburos (que vén sendo o 18% do prezo final) e que teña un tipo reducido de IVE, que actualmente é

do 16%.

Só actuando sobre estes impostos, que representan máis dun terzo do que pagamos polo gasóleo,

poderase falar dunha solución á grave crise que está sufrindo o sector pola escalada constante nos prezos dos carburantes.

Deteñen en Francia a quince activistas da loita contra os OXMs

A policía francesa arrestaba a quince activistas cando trataban de destruír unha leira de millo manipulado xeneticamente. Segundo as organizacións denunciante, a policía tratou con desproporcionada violencia aos detidos.

Aínda así, a loita contra os transxénicos en Francia segue moi viva. De feito, a maiores deste suceso, cómpre lembrar que, nestes intre, hai oito xuízos pendentes contra persoas que participaron o ano pasado na destrución de leiras experimentais de manipulación xenética.

Por outra banda, no seo da Unión Europea volveuse producir un novo desencontro á hora de aprobar un novo transxénico: o millo 1.507 Bt tolerante aos insectos. Votaron a favor nove países, e en contra once.

En canto a España, volveuse abster na votación, demostrando que actual Ministerio de Agricultura non ten intención de apostar por unha política agraria libre de organismos manipulados, unha posición de pasividade que, no Estado, se traduce na continuidade da política agresiva e temeraria do PP neste eido.

A policía indonesia metralla a 37 labregos por tentar ler un manifesto de protesta

O pasado 18 de decembro, 37 labregos indonesios resultaron feridos de bala, algúns deles de gravidade, tralos disparos indiscriminados da policía.

Estes labregos formaban parte dunha concentración dun milleiro que estaba agardando a chegada dunha comitiva internacional da Vía Campesina que viña escoitar as súas reclamacións con respecto á violación sistemática dos dereitos humanos que veñen perpetrando habitualmente as autoridades deste país dende 1995.

O suceso aconteceu cando, unha vez retida a comitiva -á que lle foi denegada a entrada no país-, os labregos e labregas concentrados ten-

taron ler un manifesto. A policía non o permitiu e, para impedi-lo, abriu fogo contra a multitude.

En palabras do compañeiro vasco Paul Nicholson, que formaba parte da comitiva de Vía Campesina, "estamos escandalizados polo feito de que aínda non sexa posíbel par os labregos e labregas de Indonesia defender os seus dereitos lexítimos sen ter medo polas súas vidas. Esixiremos ao goberno de Indonesia que condene aos responsábeis e garanta o dereito do campesiñado a defender o seu sustento. Se o goberno de Indonesia rexeita esta solicitude, levaremos o caso diante do Comité da ONU para os Dereitos Humanos".

O Ministro de Agricultura holandés recibiu 190.000 euros en axudas da PAC

O Ministro holandés de Agricultura, Cees Veerman, recoñeceu que, durante o ano 2004, recibiu uns 190.000 euros en subvencións da Política Agraria Común (PAC) da Unión Europea a cultivos da súa propiedade en Francia (150.000 euros) e Holanda (39.000 euros).

O dato foi descuberto pola Fundación Evert Vermeer, que sigue unha liña semellante á de outras organizacións non gobernamentais da Unión Europea que, nos últimos meses, denunciaron cifras sobre o reparto de axudas en Dinamarca, Irlanda, Suecia,



O Ministro Cees Veerman é outro dos "labregos necesitados" que precisan cobrar axudas da Política Agraria Común

Reino Unido e España.

En Fouces anteriores, publicábanse datos referente ao Estado español, onde os sete maiores terratenentes recibiron en conxunto máis de 14 millóns de euros da PAC no 2003, a mesma cantidade

que tiveron que repartirse as 12.700 explotacións agrarias máis pequenas.

No Reino Unido, o Príncipe de Gales, con 993.000 euros en 2004; e a Raíña Isabel II, con 796.000 euros, figuran tamén entre os máximos beneficiarios.

Labregas de Galiza asistirán ao Encontro Anual de Mulleres de COAG

O evento celebrarase en Teruel, e estará centrado nas repercusións de ter ampliado a Unión Europea

No marco do convenio de colaboración asinado entre o Sindicato Labrego Galego e a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras do Estado (COAG), a Secretaría da Muller do SLG vén de recibir unha in-

vitación para que unha delegación de mulleres labregas participen no encontro anual de mulleres de COAG. Este evento desenvolverase entre os días 15 e 16 de outubro na cidade aragonesa de Teruel.

O Encontro de Mulleres da COAG incluírá unha serie de obradoiros e outras actividades baixo o lema "Mulleres do campo nas políticas europeas: unha Terra para todas", combinando as xornadas de traballo con outros momentos de convivencia e de coñecemento da zona.

No XIII Encontro de Mulleres de COAG debateremos sobre a evolución do sector agrícola e da economía rural no novo marco da Unión Europea dos 25, así como sobre os efectos das políticas comunitarias na nosa vida cotiá, xa sexa como cidadás ou como habitantes do medio rural e traballadoras do sector agrario.

Para encadrar os temas que se tratarán no Encontro de Mulleres, é interesante lembrar que, o pasado 1 de maio de 2004, a Unión Europea estendeu as súas fronteiras incrementando a súa superficie nun 25% e a súa poboación nun 20% coa chegada da República Checa, Chipre,



Unha comitiva de labregas representará ao SLG nos Encontros de Mulleres da COAG en Teruel

Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Malta e Polonia. Nestes intres, a Unión Europea dos 25 conta con 450 millóns de habitantes e 3.970.000 quilómetros cadrados de superficie.

Dende o punto de vista do sector agrario, a ampliación

supón a incorporación de 4 millóns de agricultores e agricultoras aos sete millóns que tiñan os Quince, amais de 36 millóns de hectáreas de zonas agrícolas que se sumarán aos 130 millóns de hectáreas que había ata este momento na Unión Europea.

Pola proximidade da data e para podermos organizar con tempo a viaxe e o aloxamento, é moi importante que as afiliadas que esteades interesadas vos poñades en contacto co local do Sindicato Labrego Galego da vosa comarca o máis axiña posible.

Programa do XIII Encontro de Mulleres de COAG

Venres, 14 de outubro

20.30 Inauguración oficial
21.00 Cea

Sábado, 15 de outubro

9.00 Almorzo
10.30 Relatorio xeral: "A Unión Europea e os seus efectos" por Elena Simón
11.15 Debate
11.30 Relatorio marco: "Políticas Europeas e Mulleres Rurais e/ou agricultoras", Nelly Bandara (Comisión Femenina do COPA)
12.15 Debate
12.30 Mesa redonda: "As mulleres no sector agrario europeo": Paola Ortensi (Italia), Angeles Ramón (Aragón), Lidia Senra (Galiza), Arantxa Arrien (Euskadi). Coordina: Inmaculada Fernández Landauro
13.30 Debate
14.30 Comida
16.00 Grupos de Traballo
17.30 Conclusións
18.00 Iniciativas da zona e intercambio de sementes

Domingo, 16 de outubro

9.00 Almorzo
10.00 Conclusións dos grupo de traballo
12.15 Debate
13.30 Valoración
13.30 Clausura
14.00 Comida e despedida

Un grupo de labregas galegas viaxará a Austria grazas á Deputación d'A Coruña

Entre o 19 e o 25 de outubro terá lugar unha viaxe a Austria financiada pola Deputación d'A Coruña dirixida a mulleres que traballen no rural da provincia.

Os obxectivos da viaxe serán os de axudar a interiorizar a importancia que as mulleres teñen na rexión, para seguir sustentando sociedades rurais vivas, socialmente máis xustas e igualitarias, e económica e ambientalmente sostíbeis; formar as mulleres para que lideren e animen proxectos nos concellos da Coruña, que impulsen os mercados de proximidade con produc-

tos sans e de calidade, tanto polo seu valor social e alimenticio como pola súa importancia; e favorecer o desenvolvemento liderado por mulleres labregas.

A Secretaría da Muller do SLG participou activamente no deseño da viaxe e, a partir da colaboración das nosas afiliadas coas mulleres da organización de labregas austríacas ÖBV, xurdiu un programa de actividades que inclúe visitas a explotacións de mulleres da rexión, a diferentes experiencias, a asociacións e mercados nos que se venden produtos labregos.

ACTIVIDADES DA SECRETARÍA DA MULLER EN TODAS AS COMARCAS

Ao longo do mes de outubro terán lugar en todas as comarcas actividades formativas organizadas pola Secretaría da Muller do SLG. Dende os locais estannos enviando propostas de índole diversa como charlas informativas, mesas redondas, e viaxes ou visitas para coñecer distintas iniciativas promovidas por mulleres, ou ben que redunden dalgún xeito na mellora da nosa calidade de vida. Para participar poñédevos en contacto co local do SLG da vosa comarca.

As estatísticas sobre discriminación das mulleres no mundo son demoledoras

As cifras non enganan, e aí están para facernos reflexionar. A discriminación da muller no mundo é un fenómeno global que se relaciona con factores como a pobreza ou o analfabetismo.

■ O 70% das persoas pobres do noso planeta son mulleres.

■ O 10% da poboación mundial dispón do 70% da riqueza do planeta.

■ 1.200 millóns de persoas viven con menos de 1 dólar por día.

■ 800 millóns de persoas non teñen acceso á comida suficiente para alimentarse.

■ 1.200 millóns de persoas

non teñen acceso á auga potable.

■ 50 millóns de persoas están infectadas pola SIDA.

■ 10 millóns de nenos e nenas morren antes de cumprir os 5 anos por causas evitables.

■ Dous terzos das persoas analfabetas do mundo son mulleres.

■ O 80% das persoas refuxiadas son mulleres, nenas e nenos.

■ 113 millóns de nenos e nenas non van á escola.

■ Un habitante dun país rico emite 15 veces máis CO₂ á atmosfera ca un habitante de África Subsahariana.

O SLG seguirá reclamando contratos que garantan o prezo e a recollida da uva

A organización sindical mantense alerta para velar polo cumprimento dos acordos acadados nas mesas do viño

A vendima do ano 2005 lembrarase en Galiza por ser a primeira na que a Xunta organizou mesas do viño en todas as denominacións de orixe. O Sindicato Labrego, pola súa banda,

realizou un intenso traballo, tanto nas roldas negociadoras, como cóbado a cóbado co sector: informando, asesorando, e denunciando cando así cumpriu. Coa vista xa posta adiante, o

SLG seguirá teimando nunha demanda irrenunciábel: contratos homologados que garantan prezos e recollida. Agora mesmo, a organización vela polo cumprimento dos acordos deste ano.


As cinco denominacións de orixe galegas iniciaron a vendima do ano 2005 co troco de goberno na Xunta, e iso notouse. Por primeira vez na historia do sector, a Consellaría de Medio Rural convocou varias mesas de negociación en cada zona, e xuntou para dialogar a representantes de sindicatos agrarios, consellos reguladores, adegas e viticultores.

A pesares do pouco traxecto desta Consellaría, que comezou a funcionar no verán, chegouse a acordos satisfactorios en Rías Baixas e no Ribeiro, non así en Valdeorras e Monterrei. Os bos prezos a que se paga a uva de Ribeira Sacra, e unha demanda superior á oferta, fixo que nesta denominación non houbera problemas á hora de poñer de acordo aos

axentes do sector.

As principais demandas que se debateron nas diversas mesas negociadoras foron uns prezos dignos para a uva, e a garantía de recollida para que ningún acio ficase sen apañar. O Sindicato Labrego realizou un intenso traballo nas negociacións, para acadar as mellores condicións para viticultores e viticultoras, para manter informado ao sector, ou para denunciar os abusos das adegas e os incumprimentos dos compromisos acadados.

Ademais, o Sindicato Labrego vai seguir levando as mesas do viño que se celebren no futuro demandas como a realización de contratos homologados oficialmente que garantan eses prezos mínimos para a uva, e a súa recollida.



Xosé Manuel González Vilas, responsable do sector agrario do SLG, coordinou o apoio ao sector vitícola durante a vendima e participou en todas as mesas do viño deste ano

Valdeorras e Monterrei: Acordos insuficientes

As mesas de negociación nas denominacións de orixe de Monterrei e Valdeorras saldáronse sen acordos firmes. Así o denunciou o Sindicato Labrego Galego tras concluír a segunda rolda de conversas entre Consellaría, sindicatos, viticultores, adegas e consellos reguladores.

Para o SLG, o diálogo promovido pola Administración nas DO Valdeorras e Monterrei non serve de nada se non se salda con acordos por escrito entre as partes implicadas que garantan a recollida e os prezos da uva; e se non se asume a realización de contratos homologados entre adegas e explotacións vitícolas. Estas dúas son reivindicacións irrenunciábeis do Sindicato Labrego para o sector vitícola galego polo que, dende esta organización sindical, vaise seguir defendendo este tipo de acordos contractuais, así como un prezo mínimo para o quilo de uva que cubra os custes e o traballo de produción.

Diante desta falla de acordos, o Sindicato Labrego Galego declarou o seu firme compromiso de seguir defendendo ao sector produtor, e de denunciar publicamente e realizar mobilizacións contra aquelas adegas que tiren os prezos ou cometan calquera outro tipo de abuso na presente campaña.

Dentro destas intencións habería que inscribir a intensa campaña de asembleas informativas que realizou o Sindicato Labrego en Valdeorras e Monterrei para manter ao sector ao tanto do desenvolvemento das negociacións mantidas.



Ribeira Sacra: Bos prezos e garantía de recollida

A realidade da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, cun bo nivel de prezos para as uvas e cunha demanda suficiente como para que non quede nin un acio nas viñas, fixo que non se vivise a problemática que se vén sufrindo, tradicionalmente, nas outras catro zonas vinícolas galegas.

As razóns explicounas de xeito claro o vocal do Consello Regulador, Xesús Vero, nunha entrevista a Fouce. Nela explicaba que a Ribeira Sacra é unha das denominacións de orixe do Estado nas que máis se paga a uva.

Vero mantí-

vo nesta conversa que "se non fose por eses bos prezos, abandonaríase a produción polas dificultades: temos posibilidades moi escasas de mecanización e todo o traballo faise a base de pequenos motocultores. Este xeito de producir, se non se compensase cun prezo alto da uva, non podería ter continuidade".



Rías Baixas: As presións do SLG aseguraron a recollida da uva sen baixar prezos



Asemblea informativa en Vilanoviña (Meis), tras acadárense os compromisos da terceira mesa do viño que logrou forzar o SLG grazas á convocatoria de mobilizacións

Tras unha segunda rolda de negociacións estéril, a mediados de setembro o SLG decidía convocar mobilizacións para facer presión sobre ás adegas e obrigalas a ceder en cuestións coma uns prezos mínimos que non baixasen dos acadados o ano pasado, ou a garantir a recollida de toda a uva colleitada.

Cómpre dicir que estas medidas de forza foron emprendidas polo Sindicato Labrego en solitario, sen ter o apoio de ningunha outra organización agraria.

As presións exercidas polo SLG na Denominación de Orixe Rías Baixas deron o seu froito ao conseguir forzar unha nova convocatoria da Mesa do Viño, a terceira nun mes, o pasado 14 de setembro. Nela tomáronse dous acordos fundamentais en-

tre adegas, sindicatos e consello regulador:

■ Que as adegas se esforzarán en recoller toda a uva.

■ Que se van manter, como mínimo, os prezos do ano pasado.

O Sindicato Labrego Galego amosou a súa satisfacción por estes acordos, e desconvocou as mobilizacións que xa tiña organizadas. Sen embargo, o SLG anunciou a súa intención de seguir alerta e a vixiar todo o proceso de vendima para velar polo estrito cumprimento destes acordos. Ademais, o Sindicato Labrego comprometeuse a que, en caso de que os acordos non se cumprisen, volver convocar as mobilizacións e medidas de forza que considerase oportunas para defender os dereitos dos viticultores e viticultoras de Rías Baixas.

Ribeiro: O SLG valora positivamente os acordos acadados na segunda mesa do viño

O Sindicato Labrego Galego apoiou os acordos finais acadados entre adegas, produtores e organizacións agrarias na Mesa do Viño do Ribeiro, celebrada no serán do pasado 12 de setembro. Este apoio veu dado polo positivo das medidas anunciadas:

■ Compromiso de recoller toda a uva branca e vontade de tentar recoller toda a tinta.

■ Compromiso de pagar as uvas brancas de caste entre 1'10 e 1'25 euros o quilo, e a Torrontés entre 80 e 90 céntimos, cunha gradación base de 10'5º; e a Xerez branca entre 52 e 55 céntimos, e cunha gradación base de 9'6º.

■ Compromiso de convocar novas reunións da Mesa do Viño antes de que pasen dous meses despois da vendima para dar un novo pulo a estes acordos e facelos de xeito contractual con vistas á vendima do ano 2006.

Para o SLG, os compromisos adoptados, con prezos dignos para a uva estipulados antes da súa recollida, e coa vontade firme de mercar toda a produción, é un grande avance con respecto a vendimas anterior-

res; non embargante, en todas as denominacións de orixe galegas débense garantir eses prezos e a recollida da uva a través de contratos homologados, polo que na Mesa do Viño prevista para finais do outono no Ribeiro, o SLG seguirá defendendo que eses prezos e o compromiso de recollida se poñan sobre o papel en documentos oficiais.



O SLG consegue que mellore o control de uva durante a vendima



O SLG foi a única organización que se entrevistou co Delegado para pedir melloras nos controis de uva

O Sindicato Labrego Galego mantivo, o pasado 6 de setembro, un encontro cordial co Delegado do Goberno, Manuel Ameijeiras, para falar da importancia de mellorar os operativos de control durante a vendima para evitar a fraude.

Á reunión asistiron, por parte da organización sindical, o seu responsable dos sectores agrarios, Xosé Manuel González Vilas; e o membro da Dirección Nacional do Viño do SLG, Francisco Alonso Fernández.

O SLG transmitiulle ao Delegado a preocupación que existe no sector respecto deste tema, e propúxolle as seguintes medidas para que os dispositivos de vixilancia que

poña en marcha a Garda Civil melloren:

■ Control especial nos pasos fronteirizos e nos límites entre denominacións de orixe.

■ Control do transporte de cisternas despois da vendima.

■ Realizar inspeccións de xeito aleatorio, que inclúan tamén horarios nocturnos, para que o dispositivo de control sexa realmente visible e disuasorio.

Manuel Ameijeiras amosouse moi receptivo con estas propostas, e asegurou que "de xeito inmediato" llas comunicaría ás subdelegacións do Goberno pertinentes e aos mandos responsábeis da Garda Civil responsábeis do operativo.

O SLG solicitou a revisión e actualización do rexistro vitícola a Medio Rural

O Sindicato Labrego Galego solicitoulle á Consellaría do Medio Rural que reabra o proceso de actualización do rexistro dos dereitos do viñado, xa que este proceso aínda non se completou, a pesar das previsións do anterior goberno da Xunta e do Ministerio de Agricultura. Este proceso resulta imprescindible para poder pór en marcha un banco de dereitos en Galiza, xa que hai máis de tres campañas que non se reparten dereitos fóra do mercado privado.

O SLG aproveitou tamén para demandar a apertura dun prazo de regula-

rización de viñedos (aqueles que foron plantados entre 1986 e 1988, que foi cando España entrou na Unión Europea e se estableceu o réxime de dereitos). O ano pasado, a UE permitiu unha prórroga ao Estado Español para completar este proceso de regularización, polo que o SLG demandará que dita prórroga sexa estendida aos viticultores e viticultoras de Galiza, xa que o proceso que rematou o ano pasado foi a todas luces insuficiente e moi apresurado a causa da falta de información por parte da anterior Consellaría.

MANIFESTACIÓN para reclamar prezos xustos para o leite

19 de outubro

Xardíns de Méndez Núñez, A Coruña

Máis información na páxina 5 ou en calquera oficina do SLG

Seminario

"A cuestión da terra na Península Ibérica e e Iberoamérica: actualidade e desafíos"

26, 27 e 28 de outubro de 2005

Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Xeografía e Historia

26 de outubro de 2005

10:30 horas. Inauguración do seminario.

11:30 horas. Conferencia inaugural: "A cuestión da terra diante das reformas estruturais, das políticas sectoriais para agricultura e gandería, e das accións organizadas dos traballadores. ¿Hai alternativa de desenvolvemento social para @s labreg@s e xornaleir@s no século XXI?"

12:40 horas. Documental 1 "A utopía conquistase". As Experiencias del SOC en Andalucía.

16:00 horas. Mesa Redonda 1: "A actualidade da loita pola terra, acceso aos recursos, reforma agraria na Iberoamérica e na Península Ibérica"

18:40 - 20:10 horas. Obradoiro 1: Experiencias na Península Ibérica sobre as formas de organización dos traballadores con respecto á loita pola terra, e pola permanencia nela.

20:15 - 21:45 horas. Documental 2, específico sobre os problemas d@s labreg@s e xornaleir@s na Galiza)

27 de outubro de 2005

08:00 - 15:30 horas: Traballo de campo. Agro galego: tres situacións: asimilación do produtivismo; resistencia ao xeito de producir, a permanencia do monte comunal e da vida familiar labrega; e alternativas para o futuro.

17:10 horas: Mesa Redonda 2: "É posíbel un mundo rural vivo na Galiza?"

19:40 às 21:10 horas: Taller 2 "Reflexionando sobre o tecido social galego, e creando perspectivas de accións organizadas conxuntas para @s traballadores/as galeg@s"

28 de outubro de 2005

09:00 horas: Mesa Redonda 3: "A terra e a emigración do campo. A cidade do traballo no contexto da loita de clases"

12:00 - 13:30: Documental 3: "Os Sem Terra"

13:40 às 15:10 horas: Taller 3: A Península Ibérica e Iberoamérica no contexto mundial e o futuro para @s) traballadores/as do campo: labreg@s e xornaleir@s.

16:40 horas: Mesa 4: Perspectivas para a cuestión agraria e os problemas socioambientais emerxentes: desenvolvemento agrario e territorial, soberanía alimentaria e abandono de terras.

Este seminario está organizado polo Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galiza (Idega), CEGeT e Abalar. No seminario participarán varios relatores do Sindicato Labrego Galego, entre os que se atopan a súa Secretaria Xeral, Lidia Senra, ou Carme Freire; compañeiros da Vía Campesina, como Paul Nicholson, ou de organizacións amigas como a COAG ou a CNA. Tamén participarán relatores da Universidade de Compostela, Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, ou Dirección Xeral de Turismo.

Axudas ao sector das forraxes desecadas

Orde do 24 de agosto de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas no sector das forraxes desecadas en 2005.

O prazo de presentación será de corenta e cinco días naturais, contados a partir do seguinte ao da finalización do mes en que saíran as forraxes da empresa de transformación. Non poderá presentarse ningunha solicitude de axuda para unha campaña determinada despois do quince de abril seguinte á finalización dela..

Máis información, en calquera oficina do SLG.

TERR@CTIVA 2005

Arzúa, do 15 ao 16 de outubro

Entre o 15 e o 16 de outubro, na vila coruñesa de Arzúa, vaise celebrar Terr@ctiva 2005, un evento onde haberá feira de artesanía, de produtos ecolóxicos, terapias alternativas e colectivos sociais.

Tanto a feira coma os actos terán lugar no recinto feiral de Arzúa. Haberá expositores de agricultura, produtores e produtos ecolóxicos, comercio e establecementos ecolóxicos, bioconstrución, menciñas

alternativas e terapias naturais, ecoturismo, ocio ecolóxico, etcétera. Completarase con múltiples actividades educativas, lúdicas, festivas, e teatrais pero, aínda así, unha parte primordial será a Feira Ecolóxica "Feir@ctiva"

Para máis información, contactar con Coperactiva Cultural, Rosa Gómez Reino ou Manuel Vicente, no teléfono 981 582 836, ou escribindo ao enderezo galicia@coperactiva.org

Axudas para agrupacións de produtores/as agrari@s recoñecidas en Galiza

Orde do 13 de setembro de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia e se convocan as axudas para o ano 2005.

■ Convocatoria das axudas para o ano 2005

As axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia teñen por finalidade apoiar o funcionamento administrativo das agrupacións de produtores agrarios, como unha medida encamiñada a fomentar o asociacionismo no medio rural, favorecendo a concentración da oferta agropecuaria e adecuando a produción e comercialización ás exixencias do mercado.

1. As solicitudes de axuda presentaranse segundo o establecido no artigo 5 da Orde do 27 de marzo de 2003, xunto coa documentación que se detalla no

seu artigo 7, tendo en conta as modificacións introducidas por esta orde.

2. As agrupacións de produtores agrarios beneficiarias, os conceptos subvencionables e a contía económica, os criterios de valoración, o procedemento de xestión das axudas e a forma de xustificación destas, axustaranse ao establecido na Orde do 27 de marzo de 2003 e nesta orde.

3. As agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia, beneficiarias de axudas, deberán presentar no prazo máximo de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte a aquel en que reciban a resolución de concesión da subvención, a documentación que se establece no artigo 13 da orde desta consellería do 27 de marzo de 2003.

O prazo para facer as solicitudes remata o 24 de outubro. Máis información, en calquera oficina do SLG.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Tolba de penso para tractor.
Chamar ao 650 158 948

Véndense

Xovencas de 5 a 15 meses con carta verde.
Chamar ao 981 687 102

Véndese

Uva de primeira calidade da vendima en Oimbra:
-4.000 quilos de Tempranillo.
-15.000 quilos de Mencía.
-3.000 quilos de Alicante.
Chamar aos telfnos. 988 426 258 ou ó 666 758 414.

Véndese

Circuíto de muxido ALFA LAVAL de 5 puntos.
Motoserra FOLUX 160.
Todo en bo estado e a bo prezo.
Chamar ao 982 140 956

Véndese

Casa en Piñor (Ourense). Ten curro, planta baixa e piso superior con tres habitacións e comedor, e unha casíña adicional que fai de cociña. Con eidos na zona. Seis familias de veciñanza. Bo acceso para coches, preto da N-525, a un quilómetro do centro urbano. 30.000 euros, negociables.
Chamar ao 649 463 730

Véndese

Circuíto de tres puntos.
Autocargador JB de 22 metros, seminovo.
Frio de 1.050 litros.
Chamar ao 986 684 218

Véndese

Plantas de mirabel xa enxertadas, con poda de formación e con instrucións de cultivo. Prezo: 6'50 euros / planta. Prezo negociable para cantidades maiores de 25.
Chamar ao teléfono 619 292 931 ou ó 619 292 932

Véndense

2 cans das vacas: un pastor alemán de 1 ano, e un pastor belga cruzado de 8 meses. En Abadín (Lugo).
Chamar ao teléfono 637 789 191 despois das 18:00 horas.

Véndese

Palla en pacas pequenas.
Preguntar por Xulio no teléfono 677 484 662

Véndese

Segadora de tractor de peite (para toxo e herba).
Preguntar por Paco no teléfono 981 196 114

Véndese

Segadora rotativa POTTINGER modelo CAT 1'90 PLUS con acondicionadora.
Carro mesturador FRASTO modelo flaco de 13 metros.
Chamar ao 630 883 662

Véndense

23 vacas de carne, inscritas en Acruga.
Chamar ao 982 162 753

Véndense

2 carros espaxedores de esterco seminovos, espallador de herba, grade de 3 corpos, e outros apeiros. En Touro (A Coruña).
Chamar ao teléfono 981 517 414 ou ó 981 517 084

Véndese

Fresadora en bo estado marca AGRATOR. 1'80 de traballo.
Preguntar por Xosé no teléfono 982 160 057

Véndese

Centeo.
Preguntar por Mario no teléfono 986 699 565 ou ó 656 922 581

Véndense

Tanque de frío de 735 litros.
Circuíto de muxido WESFALIA. En bo estado
Chamar ao 981 790 331

Véndense

Sala de muxido de 4 puntos con 4 medidores.
Tanque de frío de 530 litros.
Silo de herba de fosa.
Herba seca.
Un autocargador.
Un espaxecedor de silo.
Chamar ao 981 788 386

Véndese

Bomba de muxido seminova, marca WESFALIA, trifásica, de 800 litros, ampliábel a 1.200 litros.
Preguntar por Miguel no teléfono 666 667 445

Véndese

Sala de muxido MANOVAL de 8 puntos, con retirada automática e medidores electrónicos.
Preguntar por Antonio no teléfono 982 314 424

Véndese

-Tractor JOHN DEERE 2.850 con pa (seminovo).
-Tractor JOHN DEERE 2.650 con dobre tracción, 1 remolque, rastrillos de varios modelos, 1 sulfadora e 1 segadora.
Chamar ao 982 153 182 ou ao 676 704 434

Véndense

4 tractores:
-RENAULT modelo Ares 720, de 170 CV, 3.500 horas de traballo, cor laranxa.
-RENAULT modelo Femis 610 RZ de 115 CV, 1.500 horas de traballo.
-RENAULT modelo Ceres de 85 CV e 7.900 horas de traballo.
-PASQUALI de 60 CV e 550 horas de traballo
-Trituradora forestal de 2'30 metros de ancho de traballo
Todo en perfecto estado; por cese de actividade.
Chamar ao 981 786 250.

Véndese

Sala de muxido MANOVAC de 3 puntos. Medidores volumétricos.
Chamar pola noite aos tlfns. 982 152 347 e 650 226 545

Véndense

Rolos de herba seca e palla.
Chamar ao 981 681 103

Véndense

-Circuíto de muxido ALFA LAVAL de 5 puntos.
-Segadora de carro BCS.
En bo estado e a bo prezo.
Chamar ao 982 140 956

Véndese

-Pa TENIAS acoplada a tractor MASSEY FERGUSON
-Motobomba de rego e tubos.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 981 896 668

Véndese

Estendedor de herba VICON, para estender e facer ringleiras. Prezo: 75.000 pesetas. En Paradelas (Lugo).
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndese

-Tanque de leite ALFA LAVAL de 430 litros.
-Tractor LANDINI de 72 CV, bo uso, 3.000 horas.
-Remolque.
Chamar ao número de teléfono 981 199 958

Véndense

Cachorros de Pastor Alemán. De exposición, garda e compañía. Con pedigree. Tatuados Real CEPPA.
Chamar ao 982 528 196 ou ao 680 745 446

Véndese

Ford Scort 1.6 Diesel, en bo uso
Chamar ao 982 441 370

Véndese

Coche Renault 21 GTD, con aire acondicionado. En bo estado.
Chamar ao 639 845 328

Véndese

Autocargador BEVILACQUA e rotativo BONINO 45.
Chamar ao 982 349 163.

Véndense

Xovencas frisonas con carta. A Pastoriza (Lugo).
Chamar ao 667 877 125

Véndese

Por peche de explotación leiteira:
-Cisterna CARRUXO de 10.000 litros, con eixe birideccional, acelerador con carga, ballestas. Pendente de matricular.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de 6 puntos, con medidores volumétricos e programador de lavado.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

Lote de 15 xovencas, boa xenética, con carta. Por peche de explotación.
Chamar ao 608 879 938

Véndense

Xatas e vacas de leite con carta de control leiteiro.
Chamar aos teléfonos 696 309 038 e 982 176 086

Véndese

Circuíto de muxido MIELE, con compresor WESTFALIA, de 4 puntos, pulsadores electrónicos programábeis, medidor de leite, tuberías de aceiro inoxidable, e tanque de frío STORK de 500 litros. Prezo a negociar.
Chamar aos teléfonos 981 191 772 ou 630 693 911

Véndense

3 eguas, unha parida e dúas preñadas; e un cabalo enteiro. en Portomarin (Lugo).
Chamar ao número de teléfono 982 187 272

Véndese

Invernadoiro de 1.000 m² en Pontearas, comarca do Condado.
Preguntar por Dani no teléfono 657 844 252

Véndese

Empacadora JOHN DEERE.
Chamar ao 659 659 418

Véndense

Rolos de herba seca.
Preguntar por Xabier no 982 144 140 ou no 699 396 665

Véndense

6 ovellas do país.
Chamar ao 981 690 499

COMPRAS

Mércase

Silo de penso, dividido e cunha capacidade entre 8.000 e 10.000 quilos.
Interesad@s chamar ao teléfono 982 314 397

Mércase

Equipo de limpeza para limpar as cortes.
Chamar ao 628 616 664

OUTROS

Alégase

Nave.
Chamar ao 982 813 246

Precísase

Persoa para traballar en explotación de leite de Guitiriz. Valorarase experiencia. Debe ter carné de conducir.
Chamar ao 982 153 367

Arréndanse

Fincas por abandono da cota láctea. 10 hectáreas con cortes para 30 vacas e galpóns, corte para a cría de xovencas con capacidade para 10 animais, e sala de muxido. Tamén se pode arrendar unha vivenda.
Chamar ao número de teléfono 686 084 461

Búscase

Tractor Ebro 160 para aproveitar motor en bo estado.
Preguntar por Xabier no teléfono 686 963 706

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quíntanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Xurxo Albela Silva, produtor de leite e membro da Dirección Nacional do SLG

Xurxo Albela ten unha explotación láctea en Merín (Vedra), con 55 hectáreas e 66 reses censadas; ademais, complementa o seu traballo de labrego cunha hectárea de viñado e horta para autoconsumo. Comezou o seu periplo no Sindicato Labrego nunha das últimas tractoradas. Daquela, sufriu a represión do aznarismo, a mans do seu esbirro Diz Guedes, cunha multa de 200.000 pesetas. Triste costume este do Goberno de Madrid para co sector lácteo galego: hoxe, Xurxo ten que facerlle fronte a outro tanto por mor da supertaxa, pero desta vez en euros e con talante.

“Aprazar a supertaxa non serve: se este ano estamos mal para pagar, o que vén igual”

■ Como caeu a supertaxa por esta zona?

Eu paseime uns 20.000 litros, e metéronme 1.200 euros de multa, que xa me empezaron a cobrar: retivéronme máis de douscentos euros de agosto, e mandáronme unha notificación de me que ían sacar os cartos en catro prazos.

■ E hai máis afectados por aquí?

As pequenas explotacións familiares están todas afectadas. Por exemplo, coñezo unha na que ao titular só lle queda un ano para xubilarse, con 60.000 litros de cota, e metéronlle unha multa de 6.000 euros, un importe ao que non dá pagado nin cos beneficios que lle deron as vacas no último ano.

A supertaxa non debería existir e, de facelo, non deberían asumila de cheo as explotacións. Por unha banda, a industria prima a cantidade: a min páganme unha peseta máis se produzo 25.000 litros que se produzo 20.000; pero, pola outra, non tes cota suficiente e, despois, pasa o que pasa. Uns anos libras e outros tócache.

■ É estraño que uns anos haxa sobrepasamento e ou-

tros non...

A min non me estraña. O leite véndese fóra de cota. Mentres a cousa funciona, ben; cálese e non pasa nada. Este ano, como se cortou a billa para ese leite B, apareceu toda a sobreprodución e, con ela, a supertaxa. Outros anos, como facían a vista gorda co leite fóra de cota, non había supertaxa.

■ Cre que é suficiente con que apracen a multa?

Se este ano estamos mal para pagar no sector, para o ano que vén o meirande das explotacións imos estar igual, sen cartos.

No meu caso, non se me deu opción de aprazar a multa. Así que non sei se o que di o Ministerio é de cara ao público ou é verdade. Na miña zona, o aprazamento da supertaxa non se está cumprindo.

■ Como pensa que pode repercutir esta supertaxa nun sector afogado polo aumento dos custes de produción e os prezos baixos?

A supertaxa creo que se vai levar por diante a moitas explotacións. Coñezo unha da bisbarra de Padrón con 36.000 euros de multa que, ademais, fixo fronte a uns



Xurxo cre que a ordenación do territorio é unha materia pendente. Das 55 hectáreas que traballa, 40 son arrendadas.

investimentos en instalación e cotas de 360.000 euros nos últimos anos; esa explotación non ten remedio. Comentábame o dono que

"aínda que a venda, non me dá para pagar todo o que debo". Deberían articularse medidas para solucionar este tipo de casos.

“Penso que foi un grande erro poñer ao viño do Ulla como subzona de Rías Baixas”

■ Como viticultor, como ve o sector por esta zona?

Aquí todos os que reestruturaron, plantando cepas de Albariño ou Mencía, están a fracasar pois, con tanta produción, as adegas non lles mercan a uva. Xa non é problema de prezo, simplemente non che collen as uvas.

■ E os compromisos que se anunciaron na mesa do viño da Denominación de Orixe Rías Baixas?

Aquí non se están cumprindo. Hai un desorde total nesta zona, sen prezos nin demanda. Non é o meu caso, pois a produción que teño é de uva híbrida, que non podo comercializar para a Denominación, e quedan catro taberneiros que son quen as mercan.

Eu non penso xa en reestruturar; deixarei algunhas cepas para autoconsumo, e do resto da produción heime desfacer, pois agora non dá rendemento ningún.

■ Pensa que este é un problema propio desta subzona de Rías Baixas?

Creo que si. Penso que foi un grande erro poñer ao Ulla como subzona de Rías Baixas. Poderíamos ter o Viño do Ulla, que xa posuía certo recoñecemento e a súa propia área de influencia, cunha produción moi boa anos atrás.

Cunha denominación propia, isto podería ter tido outro arranque. A xente reestruturou, deixou ás vacas e plantou dúas ou tres hectáreas de Albariño, aproveitando que o 75% dos gastos eran subvencionados, e teñen agora as plantacións practicamente deixando de producir; xa digo, este ano non hai nin prezos, nin quen queira as uvas.

“Non podemos seguir vendendo o leite sen saber canto pagarán a fin de mes”

■ Agora que temos cambio de goberno, cales pensa que deberían ser as principais demandas ás que debería dar resposta a Administración galega para o sector lácteo?

Onde máis fincapé faría sería na ordenación do territorio. Nós estamos moi preto de Compostela, e aquí as concentracións parcelarias son recentes. Agora están co desenvolvemento do Plan Xeral de Urbanismo, e todo o mundo quere converter as terras en parcelas para chalés.

Aí o Goberno debería regular e non permitir que se especule co terreo. Para nós cada vez é máis difícil, pois cada vez son máis escasas as terras de labradío e, á hora de arrendar, ninguén quere asinar contratos, senón que deixan as terras de palabra, polo

que non sabes por canto tempo poderás dispor delas. Os gobernos anteriores non fixeron nada neste senso, máis ben todo o contrario, pois subvencionaron a forestación de terras agrarias. Antes era ao revés, pois lembro que a meu pai tenlle pagado por rozar o monte para convertelo en pradería.

Outro tema importante no que se debería implicar o Goberno sería o dos prezos. Non pode ser que vaia vender o leite cada mes sen saber a canto me van pagar o litro. Deberíanse xuntar o sector produtor e sindicatos co Goberno e as industrias, para marcar uns prezos mínimos. Ata o de agora, as industrias fixeron cos prezos o que quixeron, e o Goberno déullelo todo por ben feito.

■ É optimista respecto do futuro do medio rural?

Eu, sinceramente, penso que non ten arranxo. A tendencia de que a xente nova emigre aos centros urbanos e abandone o medio rural e as explotacións non se dá trocado da noite para a mañá.

Na nosa cooperativa eramos, ata hai pouco, 280 socios. Agora somos cen, cunha media de idade superior aos 55 anos. Iso quere dicir que, á volta de cinco ou dez anos, temos o pronóstico de que só fiquen unhas trinta persoas asociadas. Eu creo que o 80% das explotacións de aquí non teñen quen lles faga o relevo xeracional, e estou falando de explotacións punteiras e viábeis, como o meirande das que lo graron saír para adiante.